

Código do documento	Código do expediente
USG15102QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro e as sras. Concelleiras dona Susana Amor Fernández (do grupo político do PSdeG-PSOE), dona Izaskun García Gorostizu (do grupo político popular) e dona Sandra María Marzoa García (do grupo político Alternativa dos Veciños)

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto o secretario xeral accidental, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

1.- PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data sete de xullo de dous mil vinte e un (código de documento USG15I02G1), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL

A Xunta de Galicia solicita do Concello que se emita proposto co obxecto de determinar os dous días do ano 2022 que terán carácter de festas locais, segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo.

De acordo con esta solicitude, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2022, as seguintes:

- 1 de marzo, Martes de Entroido
- 16 de maio

Segundo.- Dar traslado desta proposta á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que os membros do seu grupo vanse abster neste punto porque non teñen moi claro o día 16 de maio xa que este día é un luns e non saben moi ben a quen beneficia este día xa que lle pareceu entender que a decisión de poñelo como festivo local era por mor da comunidade escolar e dado que hai pais que traballan noutros concellos consideran que non vai ser factible para eles disfrutar como día de festa dito día 16 de maio.

De seguido fai uso da palabra a sra. Alcaldesa-presidenta en funcións e di que, como ben dixo o Sr. Mourelle Botana, a decisión de poñer como festivo local no ano 2022 o día 16 de maio deriva dun acordo ao que se chegou coa comunidade escolar xa que o equipo de goberno falou coa comunidade escolar de Culleredo, que elixiu tal día, e decidiu escoller o mesmo para permitir a conciliación dos pais que teñen os nenos no Concello de Culleredo dado que poñendo outro día a comunidade escolar resultaría prexudicada.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. alcalde de data 7 de xullo de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

Abstencións: cinco (5), dos Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana e Ferreiro Varela.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do Sr. alcalde de data 7 de xullo de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN PROVISIONAL DAS TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2022

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data dous de xullo de dous mil vinte e un (código de documento UME15I02GY), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL RELATIVA AO INCREMENTO DAS TARIFAS DO SERVIZO DE AUTOTAXI PARA O ANO 2022

O artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, sinala que as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, de ser o caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta, e as tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

Para fixar as referidas tarifas é preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orden a recabar as consideracións que estime pertinentes.

Neste senso, deuse traslado ao Consello Galego de Transportes, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Dirección Xeral de Mobilidade, da proposta de tarifas presentada pola Asociación Local de Auto-Taxi de Culleredo en data 26/9/2019 que incorporaba un estudo económico no que fundamentaba a súa petición e a modificación das tarifas.

En data 3 de decembro de 2019, foi remitido certificado da secretaria da Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transportes, en relación coa proposta de tarifas urbanas de taxis deste Concello, na que se concretaba que logo da súa valoración, non se facía ningunha consideración.

En data 12/12/2019 rexistro 2019/14621, a Nova Asociación de Autotaxiis de Culleredo, achegaba novamente estudo explicativo coas tarifas incluíndo no punto 11 "tarifas solicitadas co 10% de IVE engadido", o cal deuse traslado ao Consello Galego de Transportes, dependente da Consellería de Infraestruturas e mobilidade aos efectos da preceptiva audiencia que establece o artigo 40 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

Non habendo recibido contestación ao escrito de 12/12/2019, con data 8/02/2021 rexistro 2021/968 reiterouse escrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia ao obxecto de que no prazo de 10 días a partir do recibo da presente comunicación se indicara se logo da súa valoración se facía algunha consideración o si pola contra poderíase continuar coa tramitación do expediente.

A Dirección Xeral de Mobilidade en data 10/6/2021, rexistro 6724/2021, en relación ao asunto: "audiencia do Consello Galego de Transportes en relación coa proposta da Asociación de Autotaxis de Culleredo sobre modificación de tarifas de autotaxi do Concello de Culleredo" comunicou que se pode continuar coa tramitación da modificación das tarifas aplicables aos servizos urbanos de taxi, sen que teña que pronunciarse o Consello Galego de Transportes, se ben se deberá remitirse o expediente á Comisión de Prezos de Galicia.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

En data 11/6/2021, rexistro 2021/5530 se remite copia do expediente a Comisión de Prezos de Galicia, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria segundo dispón o último parágrafo do artigo 40.4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia "a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos, polo que deberá remitirse o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, e que segundo establece o artigo 46 do Decreto 103/2018 do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, as tarifas aprobadas e/ou as súas revisións entrarán en vigor e serán exhibibles ás persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior ao da súa aprobación".

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo en data 14/6/2021, rexistro 6856/2021, en relación co asunto: "estudio económico da Asociación de taxis de Culleredo para a renovación das tarifas de aplicación urbana, comunicou que para os efectos de completar o expediente requirese a presentación da seguinte documentación:

- Certificado do acordo plenario onde se aproban provisionalmente as novas tarifas.
- Xustificación de ter sido oídos no prazo de 15 días hábiles as asociacións profesionais de empresarios e traballadores e as de consumidores e usuarios representativas do sector.

Polo exposto propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente as tarifas de autotaxi para o ano 2022, que son as que a seguir se indican:

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 1	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Baixada bandeira	3,65 €
Km percorrido	1,18 €
Hora de espera	19,00 €
CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 2	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Baixada bandeira	4,55 €
Km percorrido	1,37 €
Hora espera	23,00 €
SUPLEMENTOS PARA AMBAS TARIFAS	IMPORTE EN EUROS CO IVE (10%) ENGADIDO
Traslado de cans / gatos	0,80 €
Ocupación de maiteiro	0,80 €
Suplemento aeroporto	3,60 €
Suplemento nadal e fin de ano	2,00 €

C.I.F. P-1503100-H

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicable en días laborables de 6:00 a 22:00 horas e sábados de 6:00 a 15:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicable en días laborables de 22:00 a 6:00 horas, sábados desde as 15 horas ata as 24 horas e domingos, festivos, e días 24 e 31 de decembro as 24 horas.

Baixada bandeira TARIFA 1.- inclúe 1.750 metros ou tempo equivalente.

Baixada bandeira TARIFA 2.- inclúe 1.850 metros ou tempo equivalente.

Suplemento especial de Nadal e Noiteboa: O día 24 de decembro desde as 23:00 horas e atas as 6:00 horas do día 25 de decembro, e 31 de decembro desde as 23 :00 horas e ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

Suplemento municipal de Aeroporto, para os servizos con orixe no aeroporto e destino no termo municipal ou viceversa.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

ADVERTENCIAS:

- Non se cobrará suplemento por levar cadeiras de persoas con discapacidade, de nenos, así como cansuía,
- O usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun vulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme o disposto no artigo 24 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia:

“g) O transporte das súas equipaxes ou pertenzas, podendo portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un vulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, coa limitación da capacidade do devandito maleteiro. Devanditas equipaxes ou pertenzas non poderán supoñer risco para a integridade das persoas ou do vehículo nin causar danos no seu interior, excepto no caso de animais de axuda ou auxilio a persoas cegas, con discapacidade visual ou con mobilidade reducida.”

Segundo.-Dar audiencia as asociacións profesionais de empresarios e traballadores e as de consumidores e usuarios representativas do sector por prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, e en concreto a:

- Asociación Galega de Consumidores e Usuarios
- Asociación de empresarios de Culleredo
- Asociación de empresarios de hostalería de Culleredo
- Federación de asociacións empresariais "As Mariñas"
- Nova asociación de Autotaxis de Culleredo

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- Someter a eficacia da aprobación provisional das tarifas á condición suspensiva da autorización da Dirección Xeral de Comercio dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación segundo informe que adopte a Comisión de Prezos de Galicia.“

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar esta moción xa que a subida que supón vén dada polo aumento dos custos xa que, por exemplo, o gasoil non custa o mesmo que no momento último no que se revisaron as tarifas, que lle parece recordar foi no ano 2015 ou 2016, e di que o seu grupo quere comentar tamén outros dos aspectos, sendo o primeiro o da tecnoloxía pois polo que viu o seu grupo a propia petición no rexistro de entrada da organización de taxistas ten data de setembro de 2019 e solicitaban que entrara en vigor no 2020 xa que todas as tarifas teñen que iniciar a súa aplicación o día 1 de xaneiro: di que podería ser que entre setembro e decembro fora algo xusto para tramitar o expediente pero pasou todo o ano 2020 e está pasando o 2021 de forma que, se agora se aproba, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, máis de dous anos despois da solicitude, o que supón unha anomalía no funcionamento da administración municipal, unha máis pois o seu grupo xa ten chamado a atención respecto da axilidade da administración e da resposta da administración; di que o seu grupo quere facer tamén outra reflexión pois xa desde o BNG teñen falado no pleno de que hai que apoiar e impulsar que a comarca da Coruña sexa unha área metropolitana, unha figura creada e recoñecida por lei, de forma que actuara como entidade local

supramunicipal, e di que considera que este é un bo momento para recordalo porque o alcalde de Culleredo hai unhas semanas saiu no que eles consideran dirección contraria para iso anunciando que se deixaba o Consorcio, ese pequeno esbozo de agrupación dos municipios da comarca; di que o seu grupo falou con representantes do sector e lle dixeron que hai tarifas distintas para urbano e para interurbano nos distintos concellos da comarca e que como consecuencia diso existe unha conflictividade e sobre todo unha ineficacia no servizo porque un taxi que colle un servizo nun punto e o deixa noutro, aínda que neste outro estea dispoñible, ao tratarse dun concello distinto, non pode coller un retorno para levalo de volta, o que supón un desperdicio de recursos e unha falta de servizo para os consumidores e unha gravidade económica para os profesionais do sector e por iso solicitan que quede na axenda recordar este asunto porque non se debe desperdiciar ningún momento para lembrar que todos os concellos mellorarían cunha organización territorial dese tipo.

De seguido fai uso da palabra a sra. Alcadesa-presidenta en funcións e di que o retraso vén dado pola audiencia que se lle debe dar ao Consello Galego de Transporte que non respondeu á primeira solicitude que se lle fixo, que cre recordar era de decembro do 2019, e xa no 2021 a Dirección Xeral de Mobilidade resolveu que se podía continuar coa tramitación do expediente de modificación das tarifas de taxi e por iso se trae agora a proposta que se presenta neste punto de aprobación provisional de ditas tarifas.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data dous de xullo de dous mil vinte e un (código de documento UME15I02GY) resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C.I.F. P-1503100-H

3.- PROPOSTA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data dezanove de xullo de dous mil vinte e un (código de documento UPO15I018Z), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 5 de maio de 2021, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo.

Con data 2 de xuño de 2021 publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 102, expoñéndose o expediente ao público polo prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

No certificado emitido pola Xefe do Negociado de Rexistro e Padrón (documento URP15I0FTN) se certifica que presentaron alegacións, reclamacións ou suxerencias:

- Con data 29/06/2021 a Unión Sindical Obrera (USO)

Visto o informe-proposta emitido polo Xefe do Gabinete Técnico (documento UPO15I018Y) no que se extraen as seguintes conclusións:

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

“Primeira. - A modificación da relación de postos de traballo que se está a aprobar ven motivada, por unha banda para dar cumprimento ao acordado na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 23 de decembro de 2019, e por outra, para adecuar a RPT á realidade organizativa dalgúns servizos que sufriron modificacións puntuais.

Segunda. - Considérase que o alegado pola Unión Sindical Obrera (USO) debe ser primeiro obxecto de estudo e negociación nun plan de ordenación de recursos humanos que posteriormente se plasmaría na relación de postos de traballo.”

Por todo o exposto, **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL** previo ditame da comisión informativa correspondente:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Unión Sindical Obrera (USO) por non ser obxecto o alegado da modificación da relación de postos de traballo plantexada.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Unión Sindical Obrera (USO).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo (documento UPO15I00NQ) e as fichas descritivas dos postos de traballo que resultaron modificados (documento UPO15I00NR).

Cuarto.- Remitir copia da relación de postos aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicala íntegramente no boletín oficial da provincia.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o que se vén de propoñer é a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, unha cuestión moi seria xa que a RPT é a que define a organización dos recursos humanos da institución municipal e di que é moi seria tamén porque o emprego público é un dereito constitucional e por iso conta cunha regulación tan estricta, lembrando que a Constitución fala de igualdade e capacidade e mérito no acceso á función pública, existindo ademais numerosa lexislación como a Lei de emprego de Galicia, a Lei da Función Pública, o Estatuto básico da función pública, estando todo regulado para evitar un mal uso na utilización do emprego público; di que o que sucede coa RPT que vén a este punto para aprobar definitivamente é que deriva dunha aprobación inicial que se aprobou en setembro do 2020 e que tivo paralizado o orzamento que estaba ditaminado desde o mes de marzo do 2020 porque o equipo de goberno meteu no orzamento cuestións que afectaban ao cadro de persoal que non estaban recollidas na RPT vixente naquel momento e por iso foi necesario modificalo e no que, entre outras cousas, se creaba aquel famoso posto dunha xefatura de área de Urbanismo con aquela coletilla tan extraña que dicía que entre as súas funcións estaría aprobar o PXOM, algo que supón unha aberración xurídica; di que cando anteriormente comentou o serio que é a RPT e todo o marco legal estrito que a define, é porque quere remarcar como a Intervención, que no seu informe di que comparte o criterio de Secretaría, afirma que a modificación proposta infrinxe a legalidade, sendo ambos os dous informes, o da Sra. Interventora e o da Sra. Secretaria,

Código do documento	Código do expediente
USG15I02QM	USG/2021/123
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
565W 153H 5604 3C6L 0Y5B	

desfavorables, non entendendo o seu grupo por que o equipo de goberno persevera en manter unha RPT da que se informa que infrinxe a legalidade, motivo este polo que o voto do seu grupo será en contra.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Rico Vereá quen, unha vez concedido, di que tendo en conta que o expediente conta con informes negativos o seu grupo vaise abster neste punto.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que o que se trae neste punto é a aprobación definitiva despois de resolver e desestimar unha alegación presentada por unha sección sindical e que considera que o Sr. Chouciño Garrido confunde a aprobación desta RPT coa anterior pois o debate desta RPT non ten que ver co posto da xefatura da área de Urbanismo xa que esa era a anterior que xa se aprobou definitivamente; di que a que se presenta neste punto debatiuse na sesión plenaria de data 5 de maio de 2021 e que comprende a aprobación do acordo ao que se chegou cos sindicatos sobre a subida do 0,30 e a adscripción definitiva a postos que estaban en adscripción provisional para darlle aos traballadores estabilidade nos seus postos de traballo e que agora, dado que por parte do sindicato USO presentouse unha alegación que, aínda que non chega a ser unha alegación propiamente dita, hai que traelo novamente a pleno para aprobala definitivamente despois de desestimar dita alegación.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece a aclaración feita pola Sra. Figueroa Fuentes porque efectivamente el estaba nun erro aínda que, de calquera maneira, si é certo que a modificación que se presenta conta con informes desfavorables tanto da sra. Interventora como da sra. Secretaria que din que incluso as actas da mesa de negociación están sen asinar; di que a proposta non debería prosperar e que se debería revisar á marxe de que haxa ou non alegacións e resolver todas as cuestións que amosan de forma contundente os informes das técnicas municipais.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data dezanove de xullo de dous mil vinte e un (código de documento UPO15I018Z), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres./as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Votos en contra: cinco (5), dos Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana e Ferreiro Varela.

Abstencións: dúas (2), dos Sres/as: Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data dezanove de xullo de dous mil vinte e un, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 190 resolucións numeradas da 1158 á 1347 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

NÚM	RESOLUCIÓN:	DATA:	EXTRACTO:	PLENO: 29/07/2021
1158		21/06/2021	Orde a TRASDOVAL SL da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
1159		21/06/2021	Aprobación expte de xeración de crédito proxecto "mellora eficiencia energética bombeos residuales de Aceadama y Alvedro"	
1160		21/06/2021	Aprobación incorporación remanentes de crédito do orzamento de 2020 ao orzamento 2021 gastos varios.	
1161		21/06/2021	Incorporación remanentes de crédito do orzamento 2020 ao orzamento 2021 referentes aos gastos indicados.	
1162		21/06/2021	Concesión a Estación de Servizo CLT Culleredo SL da licenza para as modificacións introducidas na nave 69 e da licenza primeira ocupación para dúas naves.	
1163		21/06/2021	Aprobación lista provisional admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a selección dun técnico/a de turismo. (Consta dilixencia de secretaría)	
1164		21/06/2021	Autorización realización xornada de traballo en quenda de mañá, no mes ou días que se indican en cada caso ao profesorado do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo. (Consta dilixencia de secretaría)	
1165		21/06/2021	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.L.M.S.	
1166		21/06/2021	Estimación recurso de reposición e concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.M.R.C con efectos do 1 de xaneiro de 2021	
1167		21/06/2021	Inicio procedemento sancionador SCOVID/CULLEREDO/0116 contra C.X	
1168		21/06/2021	Convocatoria sesión extraordinaria Xunta Voceiros o día 23 de xuño de 2021 ás 13.30 horas.	
1169		21/06/2021	Corrección erro resolución de 18/06/2021 relativa a autorización a funcionarios do Concello de Culleredo para solicitar, descargar,instalar, renovar, suspender, revogar e utilizar o certificado de representante de persoa xurídica do Concello de Culleredo.	
1170		21/06/2021	Validación inscrición no Padrón Municipal de Habitantes como residentes no Concello ao longo do mes de maio.	
1171		21/06/2021	Validación da baixa de inscrición no Padrón de Habitantes ao longo lo mes de maio.	
1172		21/06/2021	Baixa da licenza mpal de ocupación de terreos de uso publico para mesas e cadeiras da terraza do café-bar sita na avda Fonteculler cunha ocupación de 8 m2 con efectos do 31 de decembro de 2017	
1173		22/06/2021	Recoñecemento do dereito á percepción de trienios. (Consta dilixencia de secretaría)	
1174		23/06/2021	Aprobación nóminas de empregados públicos do Concello correspondente á paga extra de verán 2021 e o gasto correspondente. (Consta dilixencia de secretaría)	
1175		23/06/2021	Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno Municipal o día 29 de xuño de 2021 ás 13.30 horas.	
1176		25/06/2021	Concesión a P.B.J. dunha axuda económica pago aluguer meses xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño 2021 por importe total de 1129,80 €.	
1177		25/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de	

pagamento do recibo auga 1º trim. 2021 e recibo gas do 10/02/2021 ao 12/04/2021 a J.G.M. por importe total de 89,53 €

- 1178 25/06/2021 Concesión a L.L.G do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana.
- 1179 25/06/2021 Concesión a R.S.F e A.V.S do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana.
- 1180 25/06/2021 Concesión a L.M.P.M da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.
- 1181 25/06/2021 Aprobación nóminas empregados públicos do Concello mes de xuño de 2021. (Consta dilixencia de secretaria)
- 1182 25/06/2021 Modificación da resolución do 23 de xuño de 2021 relativa á convocatoria do Pleno municipal suprimindo o punto de mocións urxentes.
- 1183 25/06/2021 Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o luns día 28 de xuño de 2021 ás 13.30 horas.
- 1184 28/06/2021 Inicio expte sancionador pro presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte 5441/2021 e máis.
- 1185 28/06/2021 Aprobación devolución aval depositado por M.T.S.L por importe de 500 € relativa á licenza obras UAU/2012/698
- 1186 28/06/2021 Aprobación devolución aval a VILAGA SUMINISTROS SL por importe de 12.000 € en relación ao expte obras UAU/2016/22
- 1187 28/06/2021 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago de 234,92 euros a A.G.R. dos recibos de auga 1º trimestre e electricidade de marzo, abril, maio e xuño 2021
- 1188 28/06/2021 Acceso ao solicitado e traslado dos informes que emitiron o técnico mpal e a secretaria xeral a F.G.C en relación ao estudio detalle do Plan Parcial da Zapateira 2
- 1189 28/06/2021 Concesión dunha bonificación do 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a I.A.M.H con efectos do 1 de xullo de 2021
- 1190 28/06/2021 Aceptación cesión de 212,35 m2 de M.A.G. e J.A.V.F a favor do Concello de Culleredo en escritura outorgada o 03/12/2019 en relación a construción vivenda unifamiliar en Folgueira.
- 1191 28/06/2021 Denegación solicitude de C.J.G.N de modificación tipo gravame da taxa por distribución de auga para vivenda sita en Ledoño.
- 1192 28/06/2021 Aceptación do desestamento de J.M.C.B da comunicación previa para cambio cuberta en Avda Almeiras e devolución do aval.
- 1193 28/06/2021 Incoación procedemento para declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa para obras de aparcamento para camións na estrada DP-3109 de Ledoño.
- 1194 28/06/2021 Concesión a D.E.B unha axuda económica pago aluguer fianza e dúas mensualidades por importe total de 1129 euros.
- 1195 28/06/2021 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento a E.L.B da 143,50 € correspondente a recibos electricidade meses febreiro, marzo, abril, maio e xuño e do recibo do primeiro trimestre de auga.
- 1196 28/06/2021 Concesión a M.L.F.P dunha axuda para pago aluguer meses xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2021 por importe total de 1129,80 € con cargo á partida 2314.480

1197	28/06/2021	Concesión a C.M.G.P dunha tarxeta de estacionamento por discapacidade do 16/01/2019 ata 16/01/2029
1198	28/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo electricidade mes de maio de 2021 por importe 22,36 € a M.A.R.M.
1199	28/06/2021	Concesión a M.D.P da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por 10 anos.
1200	28/06/2021	Aceptación desestimento da solicitude de Axuda no fogar formulado por B.L.B.
1201	29/06/2021	Aprobación liquidacións padróns servizo distribución e depuración augas.
1202	29/06/2021	Aprobación expte contratación obra "Renovación parque infantil en Peiro" incluída no POS+2019, ADICIONAL 1/2019-2ª Fase.
1203	30/06/2021	Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación contrato "Elaboración proxecto de obra rehabilitación da Casa dos Peóns Camiñeiros" e autorización do gasto por 13.915,00 € iva incluído.
1204	30/06/2021	Concesión a M.C.T.P e C.R.R do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana.
1205	30/06/2021	Declaración desestimento da solicitude do servizo mpal de Axuda no fogar formulado por P.B.V.
1206	30/06/2021	Concesión a M.S.V do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.
1207	30/06/2021	Aceptación do desestimento formulado por J.L.P.C e M.J.O.P de licenza de obra.
1208	30/06/2021	Autorización uso especial por IRMANS BREA SL dos terreos de dominio público mpal afectados para execución gabia para instalación de RBTS para subministro eléctrico a centro adestramento canino.
1209	30/06/2021	Aceptación desestimento da solicitude do servizo mpal de Axuda no fogar formulado por M.C.S. e declaración de concluso do procedemento.
1210	30/06/2021	Concesión a C.G.S e M.C.B dunha ampliación no servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana.
1211	01/07/2021	Recoñecemento da obriga a favor dos/as beneficiarios/as PEL REACTIVA con cargo á partida orzamentaria 2411-47900 polo importe de 113.968,91 €.
1212	01/07/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación O/2021/99 polo importe total de 46.179,88 €
1213	01/07/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación O/2021/100 polo importe total de 23.764,28 €
1214	01/07/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e orde de pagamento da Operación 220210005828, por importe total de 5.500 €
1215	01/07/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación O/2021/106 por importe total de 6.756,63 €
1216	01/07/2021	Recoñecemento da obriga e orde de pago da factura Operación 220210006046 por importe de 12.100 €
1217	01/07/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación

		O/2021/107 por importe total de 2.323,82 €
1218	01/07/2021	Recoñecemento da obriga e orde do pago da factura Operación 220210006082 por importe de 10.890,00 €
1219	01/07/2021	Recoñecemento da obriga e orde do pago da factura Operación 220210006083 por importe de 386 €
1220	01/07/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e orde de pagamento da factura Operación 220210006084 por importe de 726,00 €.
1221	01/07/2021	Recoñecemento da obriga e orde do pago da factura Operación 220210005829 por importe de 499,97 €
1222	02/07/2021	Concesión a M.L.V.L. dunha ampliación no Servizo mpal de axuda no fogar cunha intensidade de dez horas á semana.
1223	02/07/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación O/2021/98 por importe total de 5.802,69 €
1224	02/07/2021	Concesión bonificación do 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.C.G.T con efectos do 1 de xullo de 2021.
1225	02/07/2021	Convocatoria sesión ordinaria da XGL o luns día 5 de xullo de 2021 ás 13.30 horas.
1226	05/07/2021	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e orde de pagos relacionados O/2021/102 por un importe total de 213.453,91 €
1227	05/07/2021	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e orde de pagos relacionados O/2021/103 por un importe total de 5.182,58 €
1228	05/07/2021	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e orde de pagos relacionados O/2021/104 por un importe total de 21.031,01€
1229	05/07/2021	Levantamento reparo formulado pola intervención xeral e avocación competencia para aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e orde de pagos relacionados O/2021/105 por un importe total de 2.290,86 €
1230	05/07/2021	Solicitude da participación do concello na convocatoria do fomento das artes escénicas e musicais na Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño.
1231	05/07/2021	Concesión a M.M.G.R. do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana e denegación do servizo mpal de teleasistencia domiciliaria.
1232	05/07/2021	Concesión a B.M.J.M.B dunha ampliación no servizo mpal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana.
